

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Secretaría

Aprobación definitiva do Regulamento de uso do pavillón municipal

Ó non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ó público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio do Regulamento de uso do pavillón polideportivo municipal, cuxo texto definitivo se fai público en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

REGULAMENTO DE USO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS

Artigo 1.- Ámbito de aplicación.

O presente Regulamento ten por obxecto regular o uso e utilización do Pavillón Polideportivo municipal sito en rúa Ventorrillo, s/n, Malpica de Bergantiños, con inclusión do ximnasio municipal ubicado dentro do mesmo, e dítase ao abeiro das competencias que nesta materia atribúe aos Concellos os artigos 4.1 a), 25.2 l) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, e o artigo 8 polo que se aprobou a Lei 3/2012 de 2 de abril do Deporte de Galicia.

Artigo 2.- Cualificación xurídica dos bens destinados ao servizo público de deportes.

1. De conformidade co establecido na normativa sobre patrimonio das Entidades Locais, as instalacións deportivas municipais terán a cualificación de bens de dominio público a efectos do uso público ou a prestación do servizo público de deportes.

2. Teñen a mesma cualificación, os bens mobles afectados de forma permanente a calquera instalación deportiva municipal, tanto aqueles destinados especificamente á práctica deportiva municipal, como aqueles destinados ao mantemento das instalacións e equipamentos.

Artigo 3.-Vixiancia e cumprimento da presente normativa.

Correspóndelle ao Departamento de Deportes velar polo cumprimento do presente regulamento. O órgano competente do Concello, a proposta do Departamento de Deportes, poderá ditar as normas e instrucións que sexan necesarias para desenvolver, interpretar e aplicar o presente regulamento. Ditas normas e instrucións estarán expostas en lugar visible para o coñecemento de todos/as os/as usuarios/as das instalacións.

CAPÍTULO II.- DOS USUARIOS/AS

Artigo 4.- Usuarios/as das instalacións deportivas municipais.

Para os efectos da presente norma enténdese por usuarios/as das instalacións deportivas municipais obxecto do presente Regulamento aquelas personas ou entidades que as utilizan, ben participando nos programas promovidos e xestionados polo Concello de Malpica (Usuarios/as da Escola Municipal de Educación Física, E.M.E.F.), ben participando do aluguer ou cesión da pista central do pavillón ou ben facendo uso do ximnasio.

Artigo 5. Dereitos dos usuarios/as.

Todos os usuarios/as gozarán dos seguintes dereitos:

- 5.1. Ser tratados con educación e amabilidade por todo o personal da instalación municipal.
- 5.2. Disfrutar, de acordo coas normas de uso establecidas e as tarifas vixentes, de tódolos servizos das instalacións deportivas.
- 5.3. Facer uso das instalacións nos días e horarios sinalados no programa ou aluguer contratado, se ben, o Concello por necesidades de programación ou forza maior anulará ou variará as condicións establecidas, comunicando sempre esta circunstancia aos afectados co tempo suficiente.

5.4. Facer uso dos servizos e espazos complementarios como vestiarios, aseos, etc, nos termos previstos no presente Regulamento ou no uso interno de cada unha das instalacións.

5.5. Encontrar as instalacións, o mobiliario e o material deportivo en perfectas condicións.

5.6. Presentar as queixas, suxerencias, ou reclamacións que estimen convintes por escrito nas follas dispoñibles na instalación.

5.7. Poder consultar nas instalacións o presente Regulamento.

Artigo 6. Obrigas dos usuarios/as.

6.1 Utilizar as instalacións, material, e mobiliario adecuadamente, evitando posibles desperfectos e danos nas instalacións ou á saúde ou os dereitos a outros usuarios/as, axudando a manter limpa á instalación, utilizando as papeleiras e recipientes hixiánicos colocados nas diversas dependencias da instalación, e advertindo aos empregados da instalación cando observen anomalías na instalación ou no material da mesma.

6.2 Gardar debido respecto aos demais usuarios e ao personal das instalacións, así como atender en todo momento as indicacións do personal das instalacións deportivas cuxo cometido é supervisar toda actividade que se realice no recinto e nas súas dependencias.

6.3 Acceder á instalación para realizar a actividade con indumentaria deportiva completa e manter as normas de hixiene, observándose especialmente a necesidade de calzado axeitado para cada pavimento. É obrigatorio o uso de camisetas, quedando totalmente prohibido a actividade física co torso espido.

6.4 Aboar o prezo público ou taxa correspondente ao servizo ou á actividade elexida, dentro das normas que se establecen e que serán anunciadas coa antelación suficiente, polos medios que o Concello estime oportunos.

6.5 Presentar o carnet, tarxeta ou documento identificativo estipulado para acreditar a súa condición de usuario/a, non podendo cedelo nin transmitilo a un terceiro.

6.6 Cumprir os horarios establecidos nas instalacións deportivas e no seu caso, os usos autorizados no horario autorizado.

6.7 Abandonar as instalacións unha vez finalizadas a actividade na que se participe ou se atope inscrito. Os accesos aos vestiarios (agás para o ximnasio, onde se estará á súa normativa específica) permitiranse 5 minutos antes do horario consignado ao comezo da actividade na solicitude correspondente. A condición de usuario/a só da dereito ó acceso ás instalacións para a realización da actividade unicamente dentro do horario elexido (os quince minutos da ducha inclusive).

6.8 Calquera usuario/a que ocasione desperfectos materiais nas instalacións deportivas municipais será directamente responsable, e terase que facer cargo dos gastos que orixine o desperfecto ocasionado e que poderá ser sancionado por vía de apremio.

6.9 Os dereitos de explotación da publicidade estática das instalacións deportivas pertencen ao Concello de Malpica, quen se reserva o exercicio dos mesmos.

6.10 Non fumar, nin consumir ou posuir bebidas alcohólicas nas instalacións.

6.11 Non se permite o acceso á pista de xogo e aos vestiarios de calquera persona non participante na actividade deportiva.

6.12 Non se autoriza a entrada de animais ás instalacións deportivas agás os cans lazariños, sempre que vaian debidamente identificados.

6.13 Non deixar obxectos fora das taquillas dos vestiarios, así como deixar ocupada con roupa o interior das cabinas individuais, duchas ou calquera outro espazo dos vestiarios. Só se poderá ocupar a taquilla durante a realización da actividade, procedéndose a súa apertura por parte do personal da instalación ao peche da instalación cada día.

6.14 O Concello non se fará responsable ante o usuario/a en caso de accidentes ou desperfectos derivados do incumprimento por parte de éste das presentes Normas, dun comportamento negligente de outro usuario ou un mal uso das instalacións, equipamentos ou servizos.

6.15 O Concello recomenda aos usuarios/as someterse a un **recoñecemento médico** antes de iniciar calquera actividade programada por este Concello, reservándose o dereito de esixilo si o estimase convinte.

6.16 O Concello non se fará responsable da perda ou furto de prendas ou obxectos persoais de usuarios/as dentro das instalacións deportivas municipais. As pezas de vestir esquecidas ou extraviadas que non sexan reclamadas en 15 días, serán destruídas por motivos de hixiene. Os obxectos de valor serán entregados na Policía Local.

6.17 Todo usuario/a ou espectador/a que manifeste un comportamento contrario á normativa deste Regulamento ou que non respete ás persoas ou cousas que se atopen naquel intre na instalación deportiva, será conminado a abandonar a instalación.

6.17 Prohíbese tirar calquera tipo de desperdicios no chan no transcurso das actividades deportivas, tanto para deportistas como para público en xeral. Non está permitido comer na instalación.

6.18 O/A usuario/a queda obrigado a comunicar os cambios que se produzan nos seus datos persoais, que servirán de base para o recoñecemento daquela condición ou para a realización de xestións pertinentes.

6.19. Está prohibido o uso de calquera espazo das instalacións para impartir clases coa finalidade de uso e beneficio particular.

6.20 O usufructo das instalacións durante unha ou varias temporadas non condiciona o dereito das instalacións na seguinte temporada. No caso de que durante a petición continuada dun usuario/a o Concello precisara a instalación para organizar algún evento podería facelo avisando cun mínimo de dous días de antelación e compensando o horario do citado usufructuario tan pronto como fose posible.

CAPÍTULO III.- ACCESO AO USO DAS INSTALACIÓNS.

Artigo 7.- Normas xerais.

7.1. Do acceso á instalación

O acceso ao Pavillón polideportivo municipal, ben de forma individual ou de forma colectiva, supón a aceptación das normas contidas no presente regulamento.

Ademáis o acceso á instalación deportiva municipal esixe o previo pagamento das taxas establecidas segundo os casos.

As formas de acceso ás instalacións realizaranse en función da actividade e as particularidades de cada instalación.

A solicitude e o pago para o acceso realizarase polos propios interesados, conforme se indique polo concello nos prazos previstos.

7.2. Da orde de prioridade das solicitudes

Cando existan máis solicitudes que posibilidade de dispoñibilidade para a concesión de uso da Pista central, as concesións outorgaranse conforme aos seguintes criterios:

- Orden temporal de solicitudes.
- Que a persoa, entidade, clube ou equipo teña a súa residencia en Malpica de Bergantiños.
- Que os equipos solicitantes disputen os seus encontros na instalación.
- Que participen en competicións oficiais federadas.
- As divisións superiores terán preferencia sobre as inferiores.
- Categorías e nivel da competición.

7.3. Modificacións ou peches das instalacións

7.3.1 Os cambios de horarios solicitaranse polo menos cinco días hábiles antes da data solicitada, e aceptaranse sempre que o novo horario e instalación esté dispoñible.

7.3.2 Corresponderá á entidade usuaria solicitar e obter das autoridades competentes, as autorizacións preceptivas esixibles, así como estar en posesión dos preceptivos seguros de accidentes para ditas actividades (incluída a asistencia sanitaria). De igual forma a entidade usuaria encargárase de realizar todas aqueles traballos de montaxe de diversos medios materiais necesarios para o desenrolo da actividade, facéndose responsable dos posibles deterioros da instalación que poida producirse polos seus xogadores, adestradores así como dos accidentes deportivos.

7.3.3. O Concello de Malpica resérvase a facultade de peche temporalmente das instalacións por limpeza, obras, programacións propias, cursos ou outros eventos que estime oportunos.

7.3.4. O Concello de Malpica resérvase o dereito a realizar as modificacións dos horarios das instalacións, dos cursos e doutras actividades concedidas por causas de programación e organizativas, comunicándollo aos/as interesados/as coa maior brevidade posible.

7.3.5. En caso de anulacións de usos previamente concedidos por causas imputables á administración, os/as interesados/as poderán optar por:

a) Solicitar a devolución da taxa correspondente, acreditando a realización do pagamento e con indicación do nº de conta bancaria.

b) Solicitar o cambio de data, e/ou hora presentando o recibo nas oficinas do Concello de Malpica de Bergantiños.

7.4. Comunicación cos usuarios/as.

As comunicacións, os avisos, e calquera outra información aos usuarios realizase a través do Taboleiro de anuncios da instalación deportiva e da páxina web do Concello de Malpica de Bergantiños.

7.5.- Responsabilidade.

Tanto o persoal da instalación coma o Concello de Malpica non se farán responsables dos accidentes e lesións que se produzan tanto no Pavillón coma no uso do ximnasio, nin das consecuencias económicas que puideran derivarse das mesmas, excepto os riscos cubertos polo seguro de responsabilidade civil subscrito polo Concello. Sendo responsabilidade de cada usuario/a o consultar previamente co médico, a conveniencia ou non de utilizar os aparatos que se ofrecen no ximnasio ou as actividades que vaian desenvolver no Pavillón

CAPÍTULO IV.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO ESPECÍFICAS.

Artigo 8.- Ximnasio: Condicións de uso e prohibicións

8.1.- Por motivos hixiénicos é obrigatorio levar unha toalla para realizar os exercicios nos distintos aparatos que sexan utilizados.

8.2.- Debe facerse un uso adecuado das máquinas, en caso de dúbida, preguntar ó persoal encargado.

8.3.- O usuario/a deberá respetar o material da sala e colocalo non seu sitio unha vez que remate o seu uso.

8.4.- O usuario/a debe deixar a máquina ou o aparato a utilizar entre series, de xeito que permita unha rotación a outros usuarios/as.

8.5.- No caso de que estén persoas esperando debe respetar o tempo de limitación estipulado para as máquinas de traballo cardiovascular e musculación. (Sendo éste nas máquinas de cardio de 30 min)

8.6.- No caso de haber usuarios/as esperando deberemos de respectar o tempo de limitación estipulado para as máquinas de cardiovascular e musculación.

8.7.- A capacidade máxima do ximnasio é a do mesmo número de máquinas coas que conte o ximnasio.

8.8.- Non está permitida a entrada no ximnasio a menores de 16 anos agás estean a participar nun programa dirixido polo Concello de Malpica de Bergantiños.

8.9. Para ser usuario/a do ximnasio esíxese ter cumpridos os 18 anos. En caso de estar entre os 16 e 18 anos esíxese autorización por escrito dos pais ou titores.

8.10.- Non se permite a entrada á sala con mochilas, botellas de cristal e comida.

8.11.- Non se pode acceder á sala co mesmo calzado que se utilice para acceder dende o exterior, e deberá ser sempre calzado deportivo, non podendo realizar ningunha actividade sin camiseta.

8.12.- A requerimento do persoal da instalación o usuario/a terá a obriga de identificarse mediante o carné.

Artigo 9. Pavillón Polideportivo Municipal:

Todas as actividades organizadas nas instalación que non sexan supervisadas polo Departamento de Deportes do Concello de Malpica, deberán contar co persoal necesario para poder levalas a cabo (viancia, arbitrxes, manexo do marcador electrónico...).

CAPÍTULO V.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN. S.

O incumprimento do establecido no presente Regulamento, e en particular das obrigas impostas aos usuarios/as leva consigo a perda da devandita condicións, coa conseguinte obriga de abandonar ou prohibición de acceder ás instalacións deportivas municipais. Tales incumprimentos calificaranse como leves ou graves, segundo se sinala nos parágrafos seguintes:

Artigo 10.- Incumprimentos leves

a) Considerase leve o incumprimento dalgunhas das obrigas dos/as usuarios/as, cando a súa condición non dea lugar á clasificación de grave.

b) O trato incorrecto a calquera usuario/a, personal, técnico, etc.

c) Causar danos leves de forma voluntaria á instalación, material ou equipamento desta.

Artigo 11.- Incumprimentos graves

- a) Incumprimento reiterado de algunhas das obrigas dos usuarios/as.
- b) O mal trato grave de palabra a outros usuarios/as, espectadores, profesorado, técnicos, xuíces ou persoal da instalación.
- c) Causar danos graves de forma voluntaria á instalación, material ou equipamento das mesmas.
- d) Orixinar por imprudencia ou negligencia accidentes graves a sí mesmo ou a outras personas.
- e) Falsear intencionadamente os datos relativos á identidade, idade, estado de saúde, etc e a suplantación da identidade.
- f) O tráfico ou consumo de drogas nas instalación.
- g) Comer ou fumar nas instalación.
- h) En xeral, calquera actividade constitutiva de delito ou falta.
- i) A reincidencia en incumprimentos resoltos como leves.

Artigo 12- Sancións.

Os incumprimentos leves correxíranse con apercibimento por escrito ou pérdida da condición de usuario ou abonado por un período de 5 a 30 días.

Os incumprimentos graves correxíranse coa perda da condición de usuario ou abonado por un período comprendido entre 30 días e 5 anos, segundo a gravidade deste fixera necesario.

Artigo 13.- Procedemento sancionador.

O Concello será responsable de tramitar o procedemento sancionador, no que se gardará a debida separación entre a fase instructora e sancionadora, que se encomendarán a órganos distintos. A incoación do correspondente procedemento corresponderalle ao Concelleiro de Deportes, quen designará ao instructor do mesmo, resultando competente para a súa resolución o señor Alcalde do Concello. O procedemento adecuarase ao establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa que resulte aplicable.

Non obstante, no caso de que o usuario/a actúe de xeito notoriamente contrario ao presente regulamento, o personal da instalación será autorizado para obrigarlle, cautelarmente, ao abandono desta, ou a requerir a presenza das forzas de seguridade, se a gravidade do caso así o require, sen perxuízo de posteriores accións pertinentes.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas as normas de igual rango en todo o que se opoñan expresamente ou contradigan o disposto neste regulamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Facúltase a Alcaldía ou persona ou órgano en quen delegue para a modificación e aprobación dos modelos oficiais de solicitude da instalación que deberanse publicar no Taboleiro de anuncios das instalacións e na web corporativa para os efectos do seu acceso polos/as interesados/as.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

O presente regulamento entrará en vigor así que se publique no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcurrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e comezará a aplicarse a partir do día seguinte. Permanecerá en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa polo Pleno do Concello.

Contra este regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Malpica de Bergantiños a 29 de maio de 2018.

O alcalde

Eduardo José Parga Veiga